

16/05/2014

OBSERVANDO O HORTO

QUE GRANDES ESTÁN

Hoxe saímos ao horto para ver como medrara todo o que tiñamos plantando, e descubrimos que:

As patacas xa case son tan grandes coma nós.



As verzas son moito máis grandes ca nós, case miden tanto coma os nenos e as nenas de 4º de infantil.

As acelgas están enormes.



As leitugas xa teñen o tamaño suficiente para que as comamos

PERIGOS!

MALAS HERBAS E CARACOIS

Na nosa viaxe polo horto atopamos algunha mala herba que tivemos que arrincar e varios caracois atrapados nas trampas que tivemos que retirar.

A TOUPEIRA COME CHÍCHAROS

Pero o que máis nos sorprendeu foi unha toupeira que atopamos nas cebolas, e que posiblemente sexa a responsable de que non naceran os chícharos.

TEÑEN SEDE !

E como xa fai moita calor imos regar !

Á HORA DE REGAR TEMOS QUE LEMBRAR O SEGUINTE

As horas indicadas para regar son as últimas da tarde ou as primeiras da mañá.

Nunca debemos regar nas horas nas que fai máis calor, porque as gotas que quedan nas follas, ou nos froitos, concentran os raios solares e provocan queimaduras.



Non debemos usar auga demasiado fría nin demasiado quente, porque danaríamos a planta.



Evitaremos regar en exceso porque os froitos perden o sabor e as plantas poden morrer.

De feito ao regar en exceso as cenorias e os tomates acaban perdendo o sabor.

Regaremos no chan , no pé da planta e non no froito e nas follas porque isto favorece a aparición do fungo.

